



Febreiro de 2023

LINGUA E ESCOLA: ÉTICA E AFOUTEZA

Entrando xa practicamente no tempo das vacacións do Nadal, a prensa deu conta da publicación de novos datos demolingüísticos, proporcionados polo INE e obtidos a partir do Censo 2021 referidos ao «coñecemento e uso de linguas». Estes datos sitúan o castelán, por primeira vez, como lingua maioritaria de Galicia, o que supón un chanzo máis no devalo lingüístico que, periodicamente, estudos de distinta caste veñen confirmando, sen que, diante da doenza que afecta o noso idioma, se teña procurado unha fórmula axeitada capaz de reverter esta situación. Tamén nesta ocasión, a "cordialidade lingüística" é o "remedio" prescrito polo presidente da Xunta mantendo as mesmas políticas, sen practicar a necesaria autocritica á luz dos datos. Polo demais, e de momento, silencio administrativo.

Os "novos" datos sinalan de cheo algunhas eivas que apelan ao sistema educativo, tal e como tamén vén sucedendo cos achegados desde outros estudos. Desta volta, preto dun **30% da mocidade** sinala dificultades para expresarse en lingua galega —un 7,6% dos e das menores de 20 anos afirman non poder falar «nada» de galego e outro 21,7% di que o fala «con dificultade»— e case un 33% alega ter problemas na escrita —15,4% de mozos e mozas que non son quen de escribir en galego e outro 17,4% que o fai «con dificultade».

Como desde Nova Escola Galega vimos sinalando repetidamente, estes datos amosan —máis unha vez— o fracaso evidente da nor-



La Voz de Galicia

Suscríbete 3 meses por solo 9,95€ [Quiero la oferta](#)

GALICIA

O número de mozos que falan castelán multiplica por catro aos galegofalantes

M. VARELA
SANTIAGO / LA VOZ



Imaxe de arquivo dun grafiti no Bierzo. VÍTOR MEJUTO

O castelán xa supera ao galego como idioma máis empregado en Galicia

mativa que regula a presenza do galego no ensino, nomeadamente o deostado Decreto para o plurilingüismo. Resulta ademais paradoxal ver como, logo dunha ducia de anos da súa aplicación, se continúa sen realizar ningunha avaliación institucional que, de maneira prescritiva, ten que facer a Consellería, tal e como se reflicte nas disposicións adicionais 2ª e 5ª e, no que puidese corresponder, nas indicacións do art. 14.5 —relacionado cos proxectos lingüísticos de centro— do Decreto 79/2010.

Deste xeito, nin a sociedade en xeral, nin a comunidade educativa en particular, dispoñen dos datos — máis alá das innegables evidencias empíricas cotiás — nin tampouco de información sobre as medidas correctoras que se deberan estar aplicando, proporcionadas pola súa administración, mentres que periodicamente o sistema educativo galego

se ve cuestionado por incumpriren os mandatos que a Lei de Normalización Lingüística lle esixe: promover o uso progresivo do galego no ensino (art. 13.2), alcanzar unha competencia equiparable nas dúas linguas (art. 14.3) e garantir a progresiva normalización do galego no sistema educativo (art. 17.2).

Este estado de cousas e a súa persistencia no tempo ten un impacto importante nas institucións educativas e, por suposto, no conxunto da sociedade. Pode dar a sensación de que se asume con resignación este esmorecemento do idioma propio e mesmo que —tanto desde o punto de vista profesional, canto do activista e cívico— se emiten sinais evidentes de esgotamento.

Moitas das conquistas experimentadas en relación coa normalización no mundo do ensino foron froito do traballo voluntarista de profesorado e das comunidades educativas conscientes da enorme responsabilidade que tiña o ámbito escolar, e dos escasos aliados cos que contaba entre os sectores con maior poder económico, relixioso e mediático na nosa sociedade.

O marco legal para o desenvolvemento do galego non mudou para mellor, senón que —contra todo prognóstico— co paso do tempo resultou regresivo para os obxectivos normalizadores. A teimosía duns datos que revelan o dano experimentado, sen que provoquen unha reacción social e institucional para a súa reversión á altura da súa gravidade, restou folgos e sumou frustración a unha parte importante do profesorado e da cidadanía máis activa.

DEBEMOS REACCIONAR

No entanto, e precisamente, por considerarmos que non é o momento de baixarmos a garda no traballo normalizador, senón a ocasión de procurarmos sinerxías entre profesionais, asociacionismo das familias, colectivos e axentes institucionais, queremos compartir algunhas reflexións e propostas.

Desde o noso punto de vista son tres os grandes ámbitos nos que se debe reaccionar, levando a cabo accións de maneira coordinada.

- Cómpre unha chamada para que o profesorado retome con maior decisión o espírito normalizador dos primeiros anos.

- Cómpre que a sociedade no seu conxunto asuma a súa responsabilidade e fomente o uso da nosa lingua en todas as actividades que desenvolva, con particular atención cara ás novas xeracións.

- Cómpre un cambio de rumbo nas políticas públicas sobre a lingua que reverta esta situación e estableza unha perspectiva de futuro ilusionado e orgulloso do noso.

Ningunha destas pólas son suficientes por si soas, todas están interrelacionadas e dependen en certa medida unhas das outras.

LINGUA E ESCOLA: PARA SOSTERMOS O ESFORZO NORMALIZADOR

O potencial normalizador da escola, de todos os centros educativos, atópase nunha especial conxuntura. Foi un dos ámbitos principais da acción normalizadora, moitas veces en solitario fronte á inhibición doutros necesarios axentes sociais. Unha lexislación regresiva e a falta de incentivos de todo tipo

nós GALICIA • INTERNACIONAL ECONOMÍA • CULTURA • LINGUA DEPORTES OPINIÓN SERMIOS GALICIA

LINGUA

O uso do galego na escola caeu en picado coa entrada en vigor do 'decreto do plurilingüismo' do Goberno de Feixoo

O último informe da Real Academia Galega sobre a incidencia da lingua do país na infancia ofrece datos demoledores en relación cunha das normas estrela impulsadas polo Goberno de Núñez Feixoo. O galego perde relevancia nun ámbito, o educativo, que representa precisamente a principal vía de aprendizaxe do idioma para as crianzas.



contribuíu a que medrasen os obstáculos e con eles decaese a capacidade e a motivación do profesorado para mover os marcos neste complexo terreo. Porén, a quebra na transmisión interxeracional do idioma tenlle outorgado á institución educativa unha responsabilidade maior, posto que en determinados contextos a aprendizaxe formal constitúe a principal, ou mesmo a única, vía de acceso á competencia en lingua galega para as futuras xeracións. Esta ha de ser unha das cuestións a reexaminar, a fin de lograr unha implicación familiar e contextual de todo punto de vista necesaria.

Diante desta situación é necesario que o profesorado recuperemos folgos e melloremos a nosa práctica profesional en varias direccións, revisando no seu caso actuacións didácticas insatisfactorias. Dixo Manuel Rivas (2011) que «o peor incendio que estaba a padecer Galicia era o que se levaba por diante a esperanza». Cómpre recuperala porque o peor que lle pode pasar ao galego é que perdamos a esperanza na súa recuperación.

DOCENTES

por XOSÉ TOMÁS www.xosetomas.es



A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Se noutros lugares do mundo foi posible frear a caída de falantes e recuperar linguas, aquí tamén se vai poder. Temos a obriga ética de tentalo. Como dicía Castelao: «Non lle poñades chatas á obra namentres non se remata. O que pense que vai mal, que traballe nela. Hai sitio para todos».

praza10

23/11/2013 queda a base da "unidade" do PP mentres se va obrigando a intervir en Santiago a Armas

Orzamentos 2023 · Pola sanidade pública · Dereito á vivenda · #DefendeAGalega · Angrois: traxedia en Compostela · Cris

O Censo sitúa por vez primeira o

castelán como a lingua usada con máis frecuencia en Galicia

Marcos Pérez Pena @marcosperpena
martes 20 de decembro 2022

Cómpre seguir a traballar, repensando e avaliando o que estamos a facer. Procurar accións que axuden ao noso estudantado a manter a lingua, 'sacar a lingua', ou poñer un alzado para axudar a coñecer a lingua, facéndoo participe de oportunidades para a súa recuperación. E facelo atendendo á diversidade de vivencias emocionais que xera afrontar o conflito que supón utilizar ou non a nosa lingua, e tamén atendendo aos valores que amosan as actuacións individuais, propias e alleas, respecto dela.

Salientar a escoita activa como dinamizadora de procesos inclusivos nas aulas, nos que o alumnado pode compartir o que sente e necesita en relación coa difícil situación que lle está tocando vivir; e nos que se poden valorar aqueles recursos que cada persoa comparta —profesorado incluído— como posibilitadores de axuda —en cada realidade concreta— para medrar en seguridade, autonomía e autoestima que contribúen a poñer en valor o propio, a implicarse na súa defensa, a manexarse con quen o rexeita, o ridiculiza...

PERFÍS LINGÜÍSTICOS: SUXESTIÓNS DE ACTUACIÓN

Na maioría dos centros vai haber máis dun perfil de alumnado, e cando é así se cadra deberíamos aplicar medidas para o(s) sector(es) maioritarios, e seguramente non deamos feito ao mesmo tempo se estes son máis de dous, polo que poderemos ir comezando por algún dos perfís segundo consideremos as necesidades.

En paralelo hai que pensar en traballar coas familias (accións concretas ou campañas en colaboración cos SNL municipais), en espe-


cial coas familias galegofalantes de zonas periurbanas ou urbanas, que tiveron crianzas galegofalantes antes de escolarizar, para que desexablemente non muden a lingua para falar con elas cando estas se instalan no castelán, por máis que respecten e non penalicen esta conduta.

Suxerimos algúns apuntamentos que poderían valer para deseñar e planificar *actuacións ante diferentes perfís lingüísticos*, con certas posibilidades de vermos resultados positivos. O fio condutor destas propostas ten que ver cun traballo sobre as representacións que tanto alumnado como familias e contorna teñen sobre o galego. Trátase de coñecer e cuestionar o imaxinario social sobre o galego, para mudalo, evitando a reprodución de vellos e novos prexuízos sobre a lingua. Neste sentido é importante a coordinación entre profesorado de distintas materias/áreas/ámbitos de aprendizaxe na procura dun currículo conectado coa propia realidade e que proxecte unha visión desprexuízada, non só da lingua senón do propio país e da súa diversidade territorial.

Estes son os principais perfís do alumnado cos que habería que intervir (non é unha clasificación fixa nin exhaustiva de toda a rapazada que podemos atopar nos centros). Indícase ao lado cales serían os obxectivos básicos a alcanzar con eles:

1. Galegofalantes minoritarios. Galegofalantes en contextos castelanfalantes que se ven obrigados a deixar de selo pola presión ambiental.

Para evitar situacións de glotofobia nas institucións escolares hai que alertar a direccións e departamentos de orientación como medida a curto prazo, pero, sobre todo, hai



que traballar cos imaxinarios negativos. Con accións orientadas a *protexer e apoderar*.

2. Galegofalantes (semi) descoñecidos (fillos de familias galegófonas que empregan con diferente intensidade o galego na casa, pero nunca cos iguais desde moi pequenos). Coñecen a lingua e hai que provocar que a deixen ver, que a amosen pero, sobre todo, teñen que querer facelo. Repertorio de accións encamiñadas a *convencer e empoderar*!

3. Castelanfalantes con certo contacto co galego (non é a lingua da súa casa, pero poden ter familiares próximos, amizades... non lles é unha lingua estraña). Cómpre darlles actividades nas que poidan ir practicando e collendo confianza. *Potenciar*!

4. Galegofalantes maioritarios no seu contexto pero que non cren que a súa lingua sirva igual ca o castelán. É rapazada que —maioritariamente— recibe moita representación negativa sobre a lingua propia, tanto na casa como nos centros escolares (unhas veces máis nunha ca noutra). Aquí hai que traballar para que entendan o grande valor que posúen, para que manteñan a lingua da que teñen que estar orgullosos e orgullosas e para que poidan, fóra do seu contexto, reaccionar con madurez e dignidade ante manifestacións de desleixo.

Tamén destaca un perfil que é maioritario nas urbes e en espazos periurbanos e que é o que máis desanima ao profesorado: **Castelanfalantes sen ningún tipo de contacto co galego** e que non son quen de enfiar enunciados simples na lingua de Rosalía e Castelao, con competencia, sobre todo activa e oral é (moi) baixa. Os resultados non van ser inmediatos nin grandes a curto prazo, pero, calquera actividade que sirva para que adquiran competencia, na medida das posibilidades e opcións dos diferentes centros educativos e as/os profesionais que leven os EDLG, vai ser de proveito. É necesario aquí extremar a actuación de diálogo e de formación coas familias a fin de que estas sexan parte do territorio a gañar.

O traballo con estes perfís lingüísticos, recoñecibles nos nosos centros de ensino, representa un avance no obxectivo de facer das escolas rurais, vilegas ou urbanas espazos de liberdade e tolerancia onde os galegofalantes se sintan seguros e orgullosos de falaren a súa lingua con normalidade, e

nos que o alumnado castelanfalante atope oportunidades de identificación e vivencias positivas en galego, que o poidan animar no seu uso (empezando por evitar o seu rexeitamento).

O traballo arredor da lingua, como todo esforzo pedagóxico, é tamén un cometido ético. Non educamos para a conformismo. A formación que o noso alumnado recibe nas nosas escolas debe axudalo a interpretar o mundo, melloralo e transformalo. No ámbito do traballo lingüístico, para alén da capacitación no código, nas actitudes e na potenciación dos usos lingüísticos, non debemos escamotearlle ao alumnado unha lectura crítico-propositiva da situación de vulnerabilidade na que se atopa o patrimonio cultural, do que forma parte a lingua. Pode ser o xermolo para que —como sucede noutros eidos sociais— queira formar parte activa de remuda desa realidade.

Facer unha revisión crítica do que está a supoñer o plurilingüismo que temos e que se nos vendeu como unha panacea é unha obriga moral do profesorado e dos equipos directivos. A procura dun plurilingüismo inclusivo que parta do galego é unha necesidade imperante xunto coa renovación pedagóxica apoiada nun TIL (tratamento integrado de linguas) que vertebre os centros educativos e que axude a formar alumnado que realmente poida rematar a escolaridade obrigatoria coas competencias básicas adquiridas.

Cómpre recoñecer que a mocidade galega está socializada nunhas condicións estruturais e materiais sobre todo castelanizantes (lexislación lingüística, referentes sociais, medios de comunicación, ámbito comercial e empresarial etc.), un contexto propicio



para a asunción acrítica dun imaxinario sobre a lingua e a cultura que as mantén nunha posición subalterna. Pensar e actuar desde a consciencia lingüística, aproveitando as análises e propostas da sociolingüística arredor das linguas minoradas, implica dotar ao alumnado de ferramentas que lle permitan asumir actitudes e usos comprometidos co noso idioma. E en efecto, como moitos estudos e propostas sinalan, cómpre poñer tamén o foco e parte da esperanza na recuperación da lingua nas persoas neofalantes.

Estas propostas que diriximos ao profesorado permiten manter certo pulso normalizador nestas condicións que sabemos adversas e cuxa modificación é unha demanda longo tempo reivindicada por colectivos e institucións, e mesmo por organismos internacionais, como o Consello de Europa.

CAMBIOS ESTRUCTURAIS PARA REVERTER A ACTUAL SITUACIÓN LINGÜÍSTICA

Non renunciaremos a traballar como colectivo e en sinerxía con eses outros axentes sociais normalizadores na procura de cambios estruturais de calado, que permitan re-

verter esta situación. Trátase de impulsar un cambio de rumbo na política lingüística, con horizontes e instrumentos legais moi diferentes dos que teñen operado até o momento. Resistímonos a habitar nunha realidade distópica na que a paz e a 'cordialidade lingüística' se alimentan da perda de uso e de falantes na nosa lingua.

Recuperamos estas propostas que teñen un alto grao de consenso por parte de colectivos, institucións e outros axentes normalizadores.

— Precisamos un Acordo parlamentario e nacional galego pola lingua e pola cultura, que faga posible a revisión do actual marco normativo que afecta á normalización do noso idioma, e tamén do Plan Xeral de Normalización de 2004, dándolle agora a precisa forza de lei. Á súa beira, sería preciso impulsar as tarefas de planificación e os procesos necesarios cara á reversión da problemática situación actual do galego.

— É necesario aprobar un novo Decreto de Normalización da Lingua Galega no ensino que fomente o dominio e uso escolar e social do galego, mediante estratexias de mantemento e inmersión en lingua galega.





Debe estar inscrito nunha política xeral que promova o uso e a dignificación do galego como idioma propio e de cohesión social dos galegos e galegas.

– É mester promover o coñecemento e comprensión da lingua portuguesa, a través da *Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía*, a coñecida como Lei Valentín Paz Andrade, e mediante unha aprendizaxe lingüística comparada, tomando en consideración a proximidade lingüística cos países de fala portuguesa. Neste sentido, cómpre un esforzo sostido a fin de que se poida ensinar o portugués como segunda lingua estranxeira optativa na xeneralidade dos centros de educación secundaria.

Asemade, e mentres se camiña cara á consecución desoutro marco legal normalizador que sinalamos, sería importante implementar outras medidas de acompañamento nas que cómpre involucrar ao conxunto das institucións. Entre elas destacamos:

» Actualización formativa do profesorado, tanto na súa formación inicial, canto na continua no ámbito da planificación e intervención lingüística en contextos multilingües. É mester abordar mellor o tratamento didáctico de aspectos sociolingüísticos,

sendo precisa a elaboración de recursos de carácter público

» Artellar un acordo no marco do Sistema Universitario de Galicia que comprometa accións normalizadoras nas actividades universitarias, nomeadamente no conxunto da súa oferta académica e na súa dimensión investigadora.

» Desenvolvemento de políticas públicas –nacionais, comarcais e municipais– para a galeguización do lecer infanto-xuvenil dirixidas a asociacións, empresas, clubs deportivos etc.

» Organización de plans específicos de educación lingüística con alumnado migrante.

» Deseño e implementación de programas e accións dirixidas ás familias baseados na ecoloxía lingüística e no paradigma do multilingüismo aditivo.

» Cómpre fortalecer o diálogo entre os centros escolares, públicos e privados, docentes e familias, a fin de unir modos de actuación que favorezan os procesos de normalización do galego

» Investimento na implementación e actualización dunha canle *Xabarán* que proxecte un abano creativo e diverso de produtos audiovisuais e lúdicos en lingua galega para diversos soportes e dispositivos dixitais.

» Desenvolvemento dun traballo institucional continuado na procura de referentes lingüísticos en todos os eidos culturais; dando difusión nos medios de comunicación aos produtos culturais xa existentes, incentivando contidos audiovisuais de noso para público infantil e a mocidade e promovendo na nosa canle pública algún espazo musical para todos os públicos e con actuacións en directo.



» Deseñar e desenvolver un plan de usos lingüísticos para o funcionariado das diferentes administracións, de obrigado cumprimento.

MEDIDAS DE ALCANCE SOCIAL


Quixemos referirnos neste documento de xeito prioritario a unha escolma de propostas e medidas relacionadas co ámbito da educación formal e, en menor medida, coa socialización da infancia e a mocidade tamén noutros contextos. Porén, somos conscientes de que as políticas públicas normalizadoras teñen que abranguer o conxunto da sociedade, as actividades económicas, o mundo da tecnoloxía, aos referentes políticos, o ámbito da xustiza e o papel dos medios de comunicación. Estes espazos teñen que actuar como aliados da institución educativa no proceso normalizador. A actualización do PXNLG que propoñemos implicaría tomar en consideración tamén eses eidos a efectos da diagnose e do paquete de medidas que se puidese considerar acaído para a situación actual.

Febreiro 2023





A N O V A N D O A P R E N D E N D O G A L E G U I Z A N D O



engádeste?
engádeste?
engádeste?
engádeste?



www.nova-escola-galega.org

**REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN**
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA